

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE DA XUNTA DE GALICIA E A ASOCIACIÓN DE AMIGOS DO MUSEO DE BELAS ARTES PARA DESENVOLVER UNHA BOLSA DE FORMACIÓN REMUNERADA NO MUSEO DE BELAS ARTES DA CORUÑA.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A subdirección xeral de Arquivos e Museos da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude,

DECLARA:

Que esta Subdirección Xeral de Arquivos e Museos ven de formalizar coa Asociación de Amigos do Museo de Belas Artes da Coruña o instrumento convencional arriba referido por un período de dous anos, prorrogables por outros dous.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

A colaboración da consellería de Cultura, Lingua e Xuventude coa Asociación de Amigos do Museo de Belas Artes para desenvolver unha bolsa de formación remunerada no Museo de Belas Artes da Coruña.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar basease no seguinte:

Primeiro: Que a Asociación de Amigos do Museo de Belas Artes da Coruña, entidade sen ánimo de lucro, ten como obxectivos, segundo consta nos seus Estatutos Fundacionais, colaborar no cumprimento dos fins propios do Museo de Belas Artes da Coruña, de acordo cos obxectivos que para este tipo de institucións definen os organismos internacionais; promover e desenvolver todo tipo de actividades dirixidas a favorecer a interrelación entre a sociedade e o Museo de Belas Artes da Coruña e demandar das autoridades cooperación e axuda para unha maior promoción deste museo e do patrimonio artístico e museolóxico.

En base a isto, este convenio terá por obxecto colaborar no desenvolvemento dunha bolsa de formación, destinada a persoas graduadas en Historia da Arte, Museoloxía, e Belas Artes, nas dependencias do Museo de Belas Artes da Coruña.

A bolsa terá por obxecto a realización de actividades de formación relacionadas con todos os aspectos relativos ás tarefas de difusión e divulgación no Museo de Belas Artes da Coruña, especialmente na colección permanente, nas exposicións temporais do museo e nas técnicas de difusión das mesmas. A súa duración non será superior a nove meses nin inferior a seis.





Segundo: A Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, dentro dos seus ámbitos de competencias amósase receptiva a todas aquelas iniciativas culturais que teñan por obxecto a protección e conservación do noso patrimonio cultural.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do convenio que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria en Santiago de Compostela.

A subdirectora xeral de Arquivos e Museos

M^a Carmen Calviño Rodríguez

